



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO NA CASA.

ZAS 2021

Co obxecto de promocionar unha das festas tradicionais, así como recuperar unha das prácticas populares destas datas, dende o Departamento de Cultura do Concello de Zas convócase unha nova edición do Concurso de Disfraces.

Con motivo da situación sanitaria actual o concurso non se levará a cabo de forma presencial como se viña facendo tradicionalmente, se non que será **on line**.

Modalidades: Fotografía (máximo 3 fotos por disfraz) ou Vídeo (máximo 30 segundos)

Categorías: Establécense a seguintes categorías:

Infantil (ata 12 anos)

Adultos (máis de 13 anos)

Convivintes (2 ou máis membros da unidade familiar)

Premios: establécense os seguintes premios:

Premio ao mellor disfraz infantil (Elixido polo xurado)

Premio ao mellor disfraz adulto (Elixido polo Xurado)

Premio ao mellor disfraz de convivintes (Elixido polo xurado)

Premio ao mellor vídeo (Elixido polo Xurado)

Premio especial “Zaschoqueiro” (Elixido a través dos gústame en Facebook)
Outorgarase un premio especial “Zaschoqueiro” (personaxe peculiar e orixinal, ataviada de xeito artesanal e estrafalario, caracterizada polo descaro e o humor) a aquel concursante que participe en calquera categoría do concurso que logre acadar máis “gustame” en Facebook durante o período establecido

Os premios consistirán en lotes de libros adecuados á idade de cada premiado.

Cada disfraz premiado recibirá ademais como agasallo un exemplar do libro ZAS POLO MIÚDO.

Inscricións:

Para participar será necesario enviar a folla de inscrición anexa xunto coas fotos (máximo 3 por disfraz en formato *jpg* ou *png*) ou vídeo (máximo 30 segundos) ao enderezo electrónico



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

cultura.deportes@concellodezas.org ou ao número de **whatsapp** do Concello 663 776 504. No caso de menores de idade a solicitude deberá vir asinada por un adulto ou representante legal.

O prazo de inscrición irá dende o día seguinte á publicación do anuncio destas bases na web do Concello de Zas ata o día **15 de febreiro ás 18:00 horas**. As fotos e vídeos participantes subiranse ás redes sociais do Concello a partir do Martes 16 de febreiro e poderase votar ao “Zaschoqueiro” ata o venres 19 de febreiro ás 18h.

Xurado:

Os membros do xurado serán os seguintes:

O Alcalde ou concelleiro que o substitúa.

O animador deportivo do Concello ou técnico municipal que o substitúa.

Tres membros de Asociacións municipais do Concello.

Para a válida constitución do mesmo será necesaria a presenza de 3 membros.

Os criterios de selección dos premiados serán os seguintes:

- * Orixinalidade e singularidade dos participantes.
- * Materiais de elaboración dos disfraces e complementos, a confección e construción artesanal.
- * Complexidade da elaboración.
- * Representación, interpretación, pose e ou coreografías no caso dos vídeos.

A decisión do xurado será inapelable e adoptarase por maioría simple de entre os seus membros.

Os participantes autorizan e aceptan a publicación da súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción e difusión do concurso. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

A participación no concurso, implica o coñecemento e aceptación destas bases, sobre as que, diante de calquera dúbida, prevalecerá a resolución que adopte o xurado, por maioría simple dos seus membros. En contra das decisións de dito xurado non caberá ningún recurso.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CONCURSO DE DISFRACES. ENTROIDO NA CASA 2021 FICHA DE INSCRICIÓN

Datos do participante: (Individual)

Nome e apelidos.....

DNI....., Idade.....

Domicilio.....

Categoría na que participa: (marque o que proceda):

INFANTIL (0-12 ANOS)	
ADULTOS (+ DE 13 ANOS)	
CONVIVINTES (2 ou máis persoas da unidade familiar)	

Datos do Representante: (pai/nai/titor legal, en caso de menores de idade ou convivintes)

Nome e apelidos.....

DNI....., Teléfono.....

Domicilio.....

Datos dos convivintes:

Nome do disfraz:.....

Nº de participantes:.....(indicarase o nome e apelidos de todos os participantes)

1.....

2.....

3.....

4.....

5.....

Zas, a..... de.....de 2021

O Representante